

## BASES PARA REGULAR A PARTICIPACIÓN CIDADÁ CABALGATA DE REIS 2020

### 1. OBXECTO

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante, IMCE) convoca aos cidadáns e cidadás da cidade co obxectivo de regular a súa participación na Cabalgata de Reis 2020, o domingo 5 de xaneiro.

As normas de participación regúlanse segundo o que dispoñen as presentes bases.

### 2. PARTICIPANTES

Pódense inscribir todos os nenos e nenas que, na data do 1 de xaneiro de 2020, teñan unha idade comprendida entre os 7 e os 11 anos (nados en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012). A totalidade de prazas ofertadas nesta modalidade é de 251 entre participantes en carrozas e participantes en trens.

### 3. INSCRICIÓN

**3.1** O período de inscrición comezará o **venres 13 de decembro de 2019 ás 14.00 ata o martes 17 de decembro de 2019 ás 14:00 h** e se poderá prolongar en días sucesivos, en caso necesario, ata que se esgoten as prazas.

**3.2** As solicitudes formalizaranse unicamente de forma electrónica, a través do **formulario de inscrición**, que se poderá atopar na web municipal ([www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura))

**3.3** Os datos que se deben facilitar son os seguintes:

- Nome, apelidos e data de nacemento (idade).
- Nome e apelidos do pai, nai ou representante legal do/a menor, no seu caso, e autorización da participación do/a menor na Cabalgata.
- Teléfonos de contacto (fixo e móbil).
- Correo electrónico.
- Autorización de uso da imaxe.
- Lugar de empadronamento.

**3.4** A inscrición realizarase por orde correlativa de recepción das solicitudes debidamente cubertas, asignando consecutivamente a cada unha delas o número de solicitude correspondente. Soamente se validará unha única inscrición por nena ou neno.

**3.5** Para determinar a ubicación dos participantes procederase a realizar un sorteo que do mesmo xeito serviría para adxudicar as prazas no caso de que as solicitudes excedan a oferta de prazas dispoñibles. O sorteo realizarase o 20 de decembro ás 10:00h na sala de exposicións do Palacio Municipal, adxudicando as prazas correlativamente a partir do número agraciado no sorteo según a seguinte distribución en función das categorías:

- Do 01 ao 90: Carrozas Reis Magos.
- Do 91 ao 132: Carrozas Municipais.
- Do 133 ao 251: Trens Municipais.

**3.6** Unha vez realizada a adxudicación comunicáraselles aos interesados (vía correo electrónico ou vía telefónica) a súa ubicación na Cabalgata, así como a información necesaria para a participación na mesma: lugar e horario de presentación o día 5 de xaneiro e horario e forma de recollida dos menores na Praza de María Pita, unha vez rematada a Cabalgata e o Saúdo Real. Esta folla de información colgarase tamén na paxina web [www.coruna.es](http://www.coruna.es) como anexo ás bases.

**3.7** As persoas agraciadas no sorteo deberán presentar a inscrición cuberta e asinada xunto coas normas que son de obrigado cumprimento.

Día de presentación: 2 de xaneiro

Lugar: Coliseum (porta de prensa).

Horario: de 16.30 a 20.30 horas

A organización facilitaralles un xustificante que deberán presentar o día da Cabalgata no centro asignado.

**3.8** Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha lista de espera para cubrir baixas ou novas necesidades.

**3.9** Se unha persoa das admitidas, por razóns persoais doutra índole, non puidese participar na Cabalgata, débeo comunicar nas oficinas do IMCE (Avda. da Mariña, 18), por teléfono (981 184 200 – extensión 10160 / 12029 / 12017) ou por correo electrónico ([fiestas@coruna.es](mailto:fiestas@coruna.es)) con anterioridade ao xoves 2 de xaneiro de 2020. Será substituída inexcusablemente pola persoa que, por rigorosa orde de inscrición conforme a primeira praza das de reserva, e así sucesivamente, por orde correlativa.

#### **4. INFORMACIÓN PARA OS PARTICIPANTES**

**4.1** Os participantes comprométese a presentarse o 5 de xaneiro no lugar e hora marcados como punto de encontro, vestidos unicamente cuns leggings, zapatillas deportivas/botas, camiseta térmica de manga longa e un xersei, tamén de manga longa, todo de cor negra. O resto das prendas que conforman o vestiario e o chubasqueiro (para caso de choiva) serán facilitados polo IMCE na modalidade de préstamo gratuíto.

**4.2** De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas que participen que, en relación cos datos incorporados de forma voluntaria na inscrición, poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao IMCE (Avda. da Mariña, 18). En todo caso, unha vez finalizada a Cabalgata, o ficheiro automático que incorpora os datos de carácter persoal será destruído.

#### **4.3 Normas de obrigado cumprimento:**

1. Os participantes deberán presentarse, co xustificante da inscrición e acompañados polo pai, nai ou titor, o día 5 de xaneiro ás 15:30 horas no punto determinado polo IMCE que será comunicado no momento de confirmación da praza, onde quedarán ao cargo dos responsables da organización da Cabalgata de Reis 2020.
2. Desde o momento de entrega ata a hora de inicio da Cabalgata os/as participantes permanecerán nas instalacións asignadas, onde se vestirán e realizarán actividades

variadas para amenizar a espera ata a chegada das súas maxestades os Reis Magos de Oriente.

3. Durante o percorrido os/as participantes lanzarán caramelos desde as súas carrozas, sempre atendendo as indicacións dos seus monitores asignados.
4. A duración do percorrido da Cabalgata de Reis 2020 será aproximadamente de 3 horas, e está prevista a chegada á praza de María Pita ás 20:30 horas.
5. Unha vez finalizado o saúdo real, e SÓ ENTÓN, procederase á recollida das/dos figurantes menores polas persoas responsables, pai, nai ou titor/a, pola “porta” que corresponda, previa comprobación das pulseiras identificativas de ambos.
6. En NINGÚN CASO se poderá acceder ás zonas delimitadas pola organización na praza de María Pita para recoller a un/unha menor participante con anterioridade á finalización do Saúdo Real.

En A Coruña, a 11 de decembro de 2019.